



## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 30/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro profesores/profesoras**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.

2.- O **censo electoral** do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios das eleccións ó Consello Escolar na entrada principal da planta baixa. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 17 de novembro.

3.- As **candidaturas** correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as **14:00 horas do día 14 de novembro**.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e o profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 23 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

6.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **tres** da lista de candidatos/as.

7.- O voto será directo, secreto e non delegado.

8.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase **Claustro de Profesores/as**, a tales efectos, para o día **21 de novembro ás 11:30, no salón de actos do centro**.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 7 de novembro de 2022

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,